

* CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN Biología 2º Bacharelato

Levaranse a cabo en cada unha das tres avaliacións dúas probas escritas específicas. Tendo en conta que 2º de bacharelato é un curso onde a materia está orientada á superación da proba ABAU, de tipo teórico, as probas escritas terán un valor dun 100%. O tipo de preguntas e os criterios de cualificación serán similares aos utilizados na proba ABAU.

A nota da avaliación será o resultado da media aritmética entre as dúas probas realizadas. Considerarase aprobada unha avaliación cando a nota obtida sexa igual ou superior a un 5 sobre 10.

A nota final da materia será a que resulta de obter a media aritmética das 3 avaliacións .

Nos casos en que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais , seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores ou iguais a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais maiores de 5 serán redondeados ao enteiro superior. (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

*CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Se o/a alumno/a non acada unha nota final da materia igual ou superior a 5, deberá facer unha proba de recuperación ao final do curso, na data de exames de recuperación que o centro estableza no mes de maio.

Esta proba final terá un carácter global, isto é, realizase tendo en conta todos os contidos do curso, e terá un formato igual ao exame da ABAU.

A puntuación desta proba de recuperación final terá que ser igual ou superior a 5 para aprobar a materia.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

O alumnado que non supere a materia en convocatoria ordinaria poderá facer unha proba escrita extraordinaria en xuño. Nesta proba deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 para superar a materia.

* CONSIDERACIÓNS

As faltas de asistencia aos exames deben estar debidamente xustificadas.

O primeiro día da reincorporación ás clases presentarase dito xustificante e realizarase a proba.

Durante a realización dos exames non estará permitida a comunicación entre o alumnado, así como portar teléfono ou calquera outro dispositivo de comunicación ou material didáctico de ningún tipo (libro, apuntamentos, anotacións, etc.) nin copiar ou deixarse copiar.

Calquera alumno/a que infrinxa esta norma obterá unha cualificación de cero no exame correspondente.